

## CONVOCATORIA DE MATRÍCULA ANTICIPADA NOS ESTUDOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO OFICIAL PARA OS ALUMNOS CON ESTUDOS DE PAÍSES ALLEOS AO EEES. CURSO 2014-2015

### 1.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1.- Conforme ao disposto nesta convocatoria poderán acceder ás ensinanzas oficiais de Máster da USC para cursar estudos no curso 2014-15 os titulados conforme a sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) que posúan un título homologado aos títulos universitarios oficiais españois, ou a outro expedido por unha institución de educación superior pertencente a outro Estado integrante do Espazo Europeo de Educación Superior que faculten para o acceso aos estudos de máster.

1.2.- Así mesmo, poderán acceder os titulados conforme a sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior sen necesidade da homologación dos seus títulos, previa comprobación pola Universidade de que aqueles acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois e que facultan no país expedidor do título para o acceso a ensinos de posgrao. O acceso por esta vía non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo de que estea en posesión o interesado, nin o seu recoñecemento a outros efectos que os de cursar as ensinanzas de Máster.

1.3.- Para o ingreso nos estudos de máster da USC, os alumnos procedentes de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) terán o mesmo tratamento que os da cupo xeral, polo que quedan fóra desta convocatoria anticipada e só deberán acreditar que o seu título dá acceso aos estudos de máster no país de orixe.

1.4.- Os alumnos incluídos no ámbito de aplicación desta convocatoria só poderán solicitar a admisión nos máster que teñan establecido unha cota para alumnos estranxeiros e que figuran no ANEXO, sempre que os seus estudos estean entre os que dan acceso ao máster concreto no que pretenda inscribirse.

1.5.- Os máster incluídos no Anexo constitúen a oferta inicial oficial e só excepcionalmente podería condicionarse a admisión e matrícula nos estudos de Máster oficial á efectiva impartición dos mesmos en función da autorización da Comunidade Autónoma e do cumprimento dos requisitos para esta, en concreto, a superación do número mínimo de alumnos matriculados que se estableza.

### 2.- PRAZAS RESERVADAS

2.1.- Conforme ao Acordo do Consello de Goberno do 16 de decembro de 2013, os máster en que se pode solicitar a admisión e o número de prazas ofertadas nesta convocatoria anticipada para cada un son os que se recollen no ANEXO.

2.2.- Nos máster con cupo para alumnos con estudos de acceso estranxeiros alleos ao EEES, a admisión será por orde de solicitude, ata cubrir as prazas ofertadas.

2.3.- Os solicitantes que non puidesen matricularse por estar cubertas as prazas poderán solicitalo na convocatoria xeral de admisión en máster para o curso 2014-2015 cos mesmos criterios de selección que o resto dos alumnos. A estes efectos, a súa solicitude para esta convocatoria anticipada quedará rexistrada no sistema informático desde onde se notificará ao interesado a apertura do novo prazo de solicitude así como os extremos relevantes da nova convocatoria.

2.4.- De non cubrirse as prazas ofertadas, as vacantes acumularanse á oferta xeral que se publique.

### **3.- SOLICITUDE DE ADMISIÓN**

3.1.- A solicitude de admisión deberá presentarse por medio electrónico no enderezo <http://www.usc.es/masteres>, antes do 30 de xuño de 2014. A información do sistema informático de máster mostrarase en galego, español e inglés. Ademais incluírá a advertencia de que os datos solicitados deben cubrirse en galego ou español.

3.2.- Na solicitude, o alumnado deberá declarar os datos persoais e académicos solicitados e, no seu caso, achegar a documentación oportuna. Ademais deberá incluír na solicitude de matrícula un enderezo de correo electrónico, que será o medio utilizado pola universidade para enviar as comunicacións e notificacións que se deriven deste proceso. Tamén deberán incluír un teléfono móbil de contacto para a recepción das posibles comunicacións por SMS. De non ser posible a comunicación por algún destes medios, as notificacións faranse a través do taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da USC (<https://sede.usc.es/sede>).

3.3.- Calquera omisión ou falsidade na declaración dos datos respecto da titulación de acceso ou do expediente académico que induza a facer unha valoración incorrecta do expediente, poderá dar lugar á anulación da matrícula e, cando cumpra, a ser excluído do proceso de adjudicación de prazas sen prexuízo das sancións administrativas ou penais que correspondan.

3.4.- A tramitación das solicitudes (que consistirá na comprobación de datos, especificamente os estudos de acceso, e a súa idoneidade para os estudos solicitados e o cómputo e control de prazas) corresponderá ao Servizo de Xestión Académica. No caso de que se cubriaran as prazas reservadas para alumnos con estudos de países alleos ao EEES non se emitirá resolución de admisión informando ao alumno de que poderá realizar unha nova solicitude no prazo xeral e dos requisitos que deberá cumprir entón.

En caso de dúbida pedirase informe á comisión académica do máster sobre a idoneidade dos estudos declarados para o acceso.

3.5.- A notificación da resolución de admisión incluírá o prazo para matricularse, así como:

- a) O importe que o alumno deberá aboar no prazo de matrícula fixado terá a consideración de prezo de *xestión da reserva de praza* e, no caso de formalizar a matrícula definitiva, destinarase ao aboamento dos prezos públicos que fixe a Comunidade Autónoma para o curso 2014-2015. O importe de *xestión da reserva* de praza será o 10% do custo de referencia do Decreto de prezos públicos. No caso de anulación de matrícula

por calquera causa, incluída a denegación da equivalencia de estudos recollida no apartado 5, non procederá a súa devolución.

b) A necesidade de tramitación da equivalencia do título de acceso, no seu caso, e forma de tramitara, con especificación da documentación que se lle requirirá e os requisitos desta.

c) Información sobre o prezo total estimado por curso dos estudos que pretende cursar así como as modalidades de pago ás que pode acollerse.

d) Necesidade de contratación do seguro en caso de non facelo con anterioridade

e) Calendario académico previsto, número de créditos a matricular e calquera información relevante respecto dos estudos que se considere necesaria.

3.6.- Todas as comunicacións e notificacións relacionadas coa solicitude redactaranse nunha das linguas oficiais e no posible incluírase a súa tradución oficial ao idioma inglés

#### 4.- MATRÍCULA

4.1.- Recibida a admisión, o alumno deberá matricularse no prazo fixado na notificación da admisión aboando os prezos indicados na devandita resolución. Os alumnos admitidos que non se matriculen neste prazo ou non aboan os prezos establecidos, decaerán no seu dereito sobre a praza adxudicada.

4.2.- A matrícula formalizarase e notificarase ao interesado a través do sistema informático incluíndo as advertencias que sexan necesarias sobre a actualización dos prezos públicos e as modificacións académicas que poidan xurdir con posterioridade.

4.3.- Os alumnos matriculados poderán anular a matrícula formalizada nos prazos e condicións que estableza a Convocatoria xeral de matrícula sen dereito á devolución do *prezo de xestión da reserva de praza*.

4.4.- As disposicións da Convocatoria xeral de matrícula para o curso 2014-2015 serán de aplicación aos alumnos matriculados a través desta convocatoria anticipada, excepto os límites para as modificacións de matrícula que non serán de aplicación para eles. Todas as modificacións de matrícula informadas polos coordinadores dentro dos prazos xerais serán resoltas favorablemente.

#### 5.- EQUIVALENCIA DE ESTUDOS

5.1.- A admisión e matrícula terán carácter provisional condicionadas á concesión da equivalencia da titulación de acceso, de acordo co disposto no artigo 16.2 do Real decreto 1393/2007, así como ao cumprimento dos demais requisitos específicos que se establezan en cada máster. Para estes efectos, deberán presentar antes do fin de prazo de matrícula a solicitude de recoñecemento do seu título no Servizo de Xestión Académica xunto cos documentos académicos

debidamente legalizados e traducidos e, cando cumpra, os documentos orixinais acreditativos do cumprimento dos requisitos específicos.

5.2.- A resolución desestimatoria da equivalencia dos estudos estranxeiros cursados para o ingreso nas titulacións de máster oficial levará aparellada a anulación de cantos actos se derivasen da admisión e da matrícula. Tamén procederá a anulación cando non se acredite o cumprimento dos requisitos específicos establecidos para a admisión no máster.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA - PROGRAMA DE ATENCIÓN A ESTUDANTES NON EUROPEOS (PATEX)**

Aprobado por Acordo do Consello de Goberno do 2 de maio de 2013 o Programa de Atención a Estudiantes non Europeos (PATEX), a súa posta en marcha farase conforme ao seguinte:

1.- Introducida a solicitude no sistema informático, e co consentimento do interesado, xerárase automaticamente unha notificación ao Servizo de Relacións Exteriores (SRE) respecto da entrada da solicitude para que contacte co alumno e oferte a súa inclusión no programa PATEX.

2.- As solicitudes que cheguen directamente ao SRE dentro do programa PATEX, serán introducidas por este no sistema informático de xestión de solicitudes.

3.- A efectos do envío de comunicacións e calquera incidencia que se poida presentar, os alumnos inscritos no programa PATEX figurarán rexistrados no sistema informático de xestión de solicitudes como tales.

4.- As notificacións que se tramiten desde o sistema informático de xestión enviaranse ao interesado salvo que este estea inscrito no programa PATEX. Neste caso será o SRE o encargado de facela chegar ao interesado unha vez emitida polo SXA.

5.- Unha vez admitidos no programa PATEX os alumnos deberán aboar os prezos establecidos para o mesmo. A xestión de inscricións e pagos no PATEX será competencia do SRE.

6.- O SRE será responsable da matrícula inicial dos alumnos inscritos no programa PATEX, podendo facer os ingresos a conta e o pago do resto da matrícula no seu nome. A partir desta matrícula as modificacións que se fagan tramitaranse e resolveranse conforme o procedemento establecido para os alumnos en xeral.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA - PROTECCIÓN DE DATOS.**

1.- Os datos persoais recollidos neste proceso incorporaranse ao ficheiro nº 1 denominado "Xestión Académica e Alumnado" aprobado por Resolución do 24 de xuño de 2002 e modificado por Resolución reitoral 3 de setembro de 2010. A súa finalidade é a xestión dos procesos de acceso á universidade, de matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión dos expedientes académicos, dos títulos e dos cursos de posgrao, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, así como calquera outra actividade que se inclúa na xestión administrativa da área de xestión académica e figure inscrita na Axencia de Protección de Datos.


2.- Os datos serán sometidos a tratamento con finalidades académicas e de xestión da USC, e para a difusión de información institucional e de información destinada á formación e a inserción

laboral e profesional dos membros da comunidade universitaria. A Universidade poderá facer uso dos datos contidos nos seus ficheiros tamén con finalidades históricas, estatísticas ou científicas e para as establecidas no ficheiro e na regulación xeral. Non se fará ningunha cesión de datos de carácter persoal sen consentimento do titular dos datos, salvo o previsto pola Lei e o declarado no ficheiro pola USC.

3.- A responsabilidade sobre o ficheiro corresponde á Universidade de Santiago de Compostela, e mediante escrito poderá dirixirse á Secretaría Xeral da Universidade para exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición conforme aos modelos que figuran en <http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/index.html>.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2014

O Reitor



Juan J. Casares Long

SRA. SECRETARIA XERAL- SR. VICERREITOR DE TITULACIÓNS E PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR – SR. VICERREITOR DE RELACIÓNS EXTERIORES E INTERNACIONALIZACIÓN- SERVIZO DE RELACIÓNS EXTERIORES- SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES DE CENTROS- SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA- SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA – SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA – SRA. XEFA DO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA – SRES/AS XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA – SRES/AS RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS – SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓN E MELLORA DO PROCEDEMENTO – SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

**OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO 2014-2015 NOS MÁSTERES  
UNIVERSITARIOS OFICIAIS.  
ALUMNOS CON ESTUDOS DE PAÍSES ALLEOS AO EEES**

**Relación de másteres universitarios**

Acuicultura  
Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade  
Atención Sanitaria, Xestión e Coidados  
Bioloxía Mariña  
Biotecnoloxía  
Ciencias Odontolóxicas  
Computación de Altas Prestacións  
Comunicación e Industrias Creativas  
Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e do Desenvolvemento  
Dereito das Administracións e Institucións Públicas  
Desenvolvemento Económico e Innovación  
Dirección de Empresas-Lugo  
Dirección de Empresas-Santiago de Compostela  
Dirección de Proxectos  
Energías Renovables e Sustentabilidade Enerxética  
Enxeñaría Agronómica  
Enxeñaría Ambiental  
Enxeñaría de Montes  
Enxeñaría Química e Bioprocesos  
Estudos Avanzados sobre a Linguaxe a Comunicación e as súas Patoloxías  
Estudos da Literatura e da Cultura  
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións  
Estudos Internacionais  
Estudos Medievais Europeos. Imaxes, Textos e Contextos  
Fotónica e Tecnoloxías do Láser  
Historia Contemporánea  
Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias  
Investigación Biomédica  
Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos

**OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO 2014-2015 NOS MÁSTERES  
UNIVERSITARIOS OFICIAIS.  
ALUMNOS CON ESTUDOS DE PAÍSES ALLEOS AO EEES**

Investigación en Ciencias da Visión  
Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario  
Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria  
Lingüística Aplicada  
Lóxica e Filosofía da Ciencia  
Marketing, Consultoría e Comunicación Política  
Matemática Industrial  
Matemáticas  
Neurociencia  
Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial  
Prevenición de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental  
Procesos de Formación  
Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención Social  
Psicoloxía Xeral Sanitaria  
Química  
Química Teórica e Modelización Computacional  
Química Orgánica  
Servizos Culturais  
Técnicas Estatísticas  
Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas  
Xerontoloxía  
Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte  
Xestión e Dirección Laboral  
Xestión Sustentable da Terra e do Territorio